

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

En Arzúa, a 30 de xuño de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión a concelleira do Partido Popular dona Vanessa Quintela Pedreira.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31 DE MAIO DE 2016.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2016.***

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 27 de xuño de 2016; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González (de AxA), se indica que este expediente tramitouse para poder financiar a execución dunhas obras con

cargo a unha parte do remanente de Tesourería do exercicio 2015.

Pregunta o Sr. García Couso (CxG): ¿Para facer esta modificación de créditos, quitouse dalgunha partida que xa esta presupuestada, ou é simplemente quitar do remanente?

Indica a interventora que faise con cargo o remanente.

Pregunta a Sra. Quintela Pedreira (do PP): ¿Se esta modificación sería para realizar as obras que aparecen na orde do día desta sesión como punto 3º?

Contesta a Sra. Torreiro González, que si.

Tras o exposto, a presidenta da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda, someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros da mesma (4 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de créditos, na modalidade suplemento de crédito 2/2016.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que como xa dixo na sesión da Comisión especial de Contas vai votar a favor.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que tamén vai votar a favor da aprobación deste expediente de modificación de créditos.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que tamén vai votar a favor.

* Do Sr. alcalde para manifestar que, en canto ás obras que se van financiar se se aproba este expediente de modificación de créditos:

- A reparación de fachadas e mantemento da carpintería exterior da Casa do Concello e da Casa de Beatriz.- Trátase de realizar unhas reparacións en ambos edificios, que salta á vista que son necesarias.

- A ampliación da rede de abastecemento de auga ao núcleo das Hortas en Dombodán.- Trátase dunha petición dos veciños, e xa falamos varias veces neste Pleno da mala calidade da auga nesa zona.

- O camiño transversal estrada da Mota a Sobrado.- Trátase igualmente dunha petición dos veciños, porque esta en moi malas condicións.

- O camiño de Magulán.- Tamén é unha petición repetida varias veces polos veciños da zona.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes (7 de AxA, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), sendo trece o número legal os que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos presentada, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de complementar as seguintes partidas presupuestarias:

- A 1532.619.01 “Pavimentación de vías públicas. Outras instalacións de reposición”, cun importe de 46.551,37 euros, co obxecto de poder contratar a execución das obras nomeadas “Camiño de Magulán (Arzúa)” e “Camiño transversal estrada da Mota a Sobrado (Villadavil)”, por un orzamento de execución por contrata de 22.605,80 euros e 23.945,52 euros, respectivamente.

- A 933.632.03 “Xestión do patrimonio. Outras infraestruturas de reposición”, cun importe de 25.881,37 euros, co obxecto de poder contratar a execución da obra nomeada “Reparación de fachadas e mantemento de carpintería exterior na casa do Concello e casa de Beatriz”, por un orzamento de execución por contrata de 25.881,37 euros.

- A 161.619.00 “Abastecemento de auga. Outras instalacións de reposición”, cun importe de 79.620,17, co obxecto de poder contratar a execución da obra nomeada “Ampliación da rede de abastecemento de auga ao núcleo de As Hortas, en Dombodán, por un orzamento de execución por contrata de 79.620,17 euros.

- A 151.629.01 “Urbanismo. Outros investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos”, cun importe de 8.615,20 euros, co obxecto de poder instalar unhas barandillas nos lugares indicados na sesión da Comisión especial de Contas.

- A 920.626.00 “Administración xeral. Equipos para procesos de información”, cun importe de 5.497,32 euros, co obxecto de poder adquirir uns equipos informáticos.

Empregando, para financiar este expediente, os 166.165,43 euros que restan do remanente de Tesourería, resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico (*que ascendeu a 342.446,93 euros*).

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agroa aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

- Punto 3º) APROBACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS NOMEADOS:**
- **REPARACIÓN DE FACHADAS E MANTEMENTO DE CARPINTERIA EXTERIOR NA CASA DO CONCELLO E CASA BEATRIZ.**
 - **AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO NÚCLEO DAS HORTAS, NA PARROQUIA DE DOMBODÁN.**
 - **CAMIÑO TRANSVERSAL ESTRADA DA MOTA A SOBRADO (VILLADAVIL)**
 - **CAMIÑO DE MAGULÁN (ARZUA).**

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 27 de xuño de 2016; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González (de AxA), infórmase que os proxectos que se traen a esta sesión, para ser financiados con cargo ao expediente de modificación de créditos anterior, son os seguintes:

- 1.- Pavimentación camiño Magulán, por un importe de 22.605,80 euros.*
- 2.- Camiño transversal estrada da Mota a Sobrado (Villadavil), por un importe de 23.945,57 euros.*
- 3.- Reparación de fachadas e mantemento de carpintería exterior na casa do Concello e casa de Beatriz, por un importe de 25.881,37 euros.*
- 4.- Ampliación da rede de abastecemento de auga ao núcleo de As Hortas en Dombodán, por un orzamento total de 79.620,17 euros.*

Engade a Sra. Torreiro González que, aparte das obras indicadas, tamén se van a financiar a través dese expediente as barandillas na zona de O Couto da parroquia de Oines e na parroquia de Dodro, así como unha barandilla de madeira en fronte do Centro Médico, na zona das polberías, para que non aparquen alí os coches, e a dotación de ordenadores, porque algúns xa quedaron obsoletos para utilizar as plataformas; e igualmente vaise a realizar un abastecemento de auga na parroquia de Dombodán.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que considera que son obras necesarias, algunhas das cales xa foron solicitadas polos veciños.

Indica o Sr. García Couso (CxG):

- Que non vai votar en contra, como sempre que se trate de obras e, con respecto a ampliación da rede abastecemento de auga, espera que esas ampliacións continúen e que non se faga só nunha aldea.*
- Que, como os fondos que se inclúen no expediente de modificación de créditos, estaban destinados a uns fins concretos, no orzamento municipal anterior, gustaríalle saber se agora, a través dese expediente, se modificou o destino deses fondos.*

Contesta a Interventora:

- Que eses fondos, nos orzamentos de 2015, estaban incluídos en determinadas partidas das que resultaron remanentes.*

- *Que o remanente de Tesourería, que xurde da liquidación dos orzamentos, non esta afectado a fins concretos, polo que o Concello pode decidir onde o quere usar.*

Pregunta a Sra. Quintela Pedreira ¿a canto ascende a cifra do remanente?

Contesta a Sra. Torreiro González que a 342.446,93 euros; unha parte do cal xa foi utilizado para financiar a execución doutras obras, en base a outros expedientes de modificación de créditos anteriores.

Tras o exposto, a presidenta da Comisión especial de Contas, Economía e Facenda, someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por sete votos a favor (4 de AxA, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. García Couso (de CxG-CCTT)- o acordo de informar favorablemente os catro proxectos técnicos indicados e propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que, como xa dixo na sesión da Comisión especial de Contas, vai votar a favor.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CC-TT) para manifestar que tamén vai votar a favor, e mantén a consideración de pouco ambicioso o programa de ampliación da rede de abastecemento de auga, xa que se debería de destinar máis dotación orzamentaria á ampliación da rede, para que se poida estender para beneficiar a máis veciños.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular vai a votar a favor da aprobación destes proxectos técnicos, porque esas obras son necesarias.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes (7 de AxA, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o seguinte acordo:

Único.- Aprobar os catro proxectos técnicos que deseguido se detallan:

1.- **“Camiño de Magulán (Arzúa)”**, elaborado con data xuño de 2016, polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, por un orzamento total de 22.605,80 euros, segundo o seguinte desglose:

* Presupuesto de execución material.....	15.699,57
• 13% de gastos xenerais.....	2.040,94
• 6% de beneficio industrial.....	941,97
Presupuesto Total.....	18.682,48
• IVE ao 21%.....	3.923,32
* Presupuesto de execución por contrata	22.605,80

2.- **”Camiño transversal estrada da Mota a Sobrado (Villadavil)”**,

elaborado con data xuño de 2016, polo enxeñeiro de caminos don Julio Rojo Martínez, por un orzamento total de 23.945,57 euros, segundo o seguinte desglose:

* Presupuesto de execución material.....	16.630,03
• 13% de gastos xenerais.....	2.161,90
• 6% de beneficio industrial.....	<u>997,80</u>
Orzamento base de licitación.....	19.789,73
• IVE ao 21%.....	<u>4.155,84</u>
* Presupuesto de execución por contrata	23.945,52

3.- “**Reparación de fachadas e mantemento de carpintería exterior na casa do Concello e casa de Beatriz**”, elaborado con data xuño de 2016, por un orzamento total de 25.881,37 euros, polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, segundo o seguinte desglose:

* Presupuesto de execución material.....	17.974,42
• 13% de gastos xenerais.....	2.336,67
• 6% de beneficio industrial.....	<u>1.078,47</u>
Orzamento base de licitación.....	21.389,56
• IVE ao 21%.....	<u>4.491,81</u>
* Presupuesto de execución por contrata	25.881,37

4.- “**Ampliación da rede de abastecemento de auga ao núcleo de As Hortas en Dombodan**”, elaborado con data xuño de 2016, polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, por un orzamento total de 79.620,17 euros, segundo o seguinte desglose:

* Presupuesto de execución material.....	55.295,62
• 13% de gastos xenerais.....	7.188,43
• 6% de beneficio industrial.....	<u>3.317,74</u>
Orzamento base de licitación.....	65.801,79
• IVE ao 21%.....	<u>13.818,38</u>
* Presupuesto de execución por contrata	79.620,17

E iso, por canto que -para poder financiar a execución das obras comprendidas en ditos proxectos técnicos- acábese de aprobar polo Pleno do Concello nesta mesma sesión un expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de complementar as partidas orzamentarias indicadas no punto anterior da Orde do día desta sesión, co obxecto de que exista a consignación previa suficiente, como trámite necesario para poder contratar esas catro obras.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de outubro de 2015 -en que foi ditada a resolución mais inmedita a última do día 30 de setembro de 2015 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día de 29 de abril de 2016)- ata a ditada o día 30 de decembro de 2015.

Estando referidas:

* A primeira resolución (*reflectida no folio 8.357 volto*), á aprobación do padrón que comprende a relación de suxeitos pasivos para o pago da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, correspondente ao mes de setembro de 2015, que comprende trinta liquidacións, por un total de 2.547,48 euros (136,69 euros, polo concepto do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia e 2.410,79 euros, polo concepto de axuda no fogar para persoas dependentes).

* Mentres que a última resolución (*reflectida no folio 8.494 e volto*) refírese á aprobación de sete facturas, cuxa contía non excede de 6.000 euros, por ser ese o importe que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe -dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local, mediante o decreto do alcalde ditado o día 8 de xullo de 2015.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO O DÍA 3 DE XUÑO DE 2016, EN RELACIÓN COA OBRA NOMEADA “HUMANIZACIÓN DA RÚA CIMA DO LUGAR (CN-547-ALBERGUE DE PEREGRINOS)”, INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.

Dáse conta do referido decreto, ditado polo alcalde o día 3 de xuño de 2016, no seguinte sentido:

“O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2015, adoptou o acordo de participar no Plan Provincial de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial de A Coruña, co obxecto de incluír en dito Plan a execución da obra nomeada “Humanización da rúa Cima do Lugar (CN-547-Albergue de peregrinos)”, para o cal elaborouse un proxecto técnico polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2015, por un orzamento total de 493.769,65 euros, que resultou aprobado nesa mesma sesión plenaria.

Como resulta:

a) *Que, para que a Deputación Provincial poida autorizar a contratación de dita obra, é necesario que a condición suspensiva a que poidera estar suxeita a contratación de dita obra quede resolta favorablemente.*

b) *Que Patrimonio formulou un requirimento para que se realicen uns axustes no citado proxecto técnico, que afectan unicamente a algúns dos materiais que figuran no proxecto.*

Por esta Alcaldía encargouse ao mesmo enxeñeiro de camiños, que elaborara ese proxecto técnico, que realizase os axustes requiridos por Patrimonio; de maneira que o novo proxecto técnico resultante sería substancialmente o mesmo, dado que eses axustes non supoñen unha variación do seu orzamento total nin das prescricións que contén o proxecto inicial.

Considerando *que o Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2015, adoptou o acordo de facultar expresamente ao Sr. alcalde, para que adopte as resolucións que procedan, en relación coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

E tendo en conta *que o arquitecto técnico municipal informou favorablemente ese proxecto técnico resultante da modificación indicada.*

Esta Alcaldía **RESOLVEU:**

Primeiro.- *Comunicar á Deputación Provincial de A Coruña que o proxecto técnico elaborado, para poder contratar e executar a obra nomeada “Humanización da rúa Cima do Lugar (CN-547- Albergue de peregrinos)”, foi modificado puntualmente para realizar os axustes requiridos por Patrimonio, sen variar o seu orzamento e configuración inicial.*

Segundo.- *En base á previsión contida no punto oitavo do acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2015, aprobar o proxecto técnico resultante da modificación indicada.*

Terceiro.- *Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.”*

Tras a lectura de dito decreto, adoptouse -por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece os que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

Punto 3º) ROGOS E PREGUNTAS.

Fai uso o Sr. alcalde da palabra para expresar que hai dúas preguntas que se formularán a este alcalde na anterior sesión ordinaria, con respecto ao servizo de axuda no fogar, e vai entregar aos concelleiros unha copia dun escrito coas respostas dadas,

tendo en conta para iso a información que lle pasou a empresa que está levando ese servizo.

Manifesta o Sr. García Couso que as respostas dadas polo alcalde a esas dúas preguntas non contestaban as súas preguntas, porque el non falaba de xornada media, senón que facía referencia á xornada de cada unha das traballadoras.

Deseguido polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) formuláronse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- ¿ Por que no inventario de bens desta entidade local, aprobado na sesión do día 29 de abril de 2015, non figuran as rúas do Cabelo e Catro Ventos, que figuraban no inventario de bens presentado nas sucesivas sesións de constitución da Corporación Local.

SEGUNDA.- ¿Quen elabora os cuestionarios para as probas de selección de persoal?

TERCEIRA.- ¿Cal é o motivo de que a Aula de informática leve mais de sete meses sen funcionar?

Realiza o Sr. alcalde a matización de que mais ben sería o Telecentro, porque a Aula de informática leva máis tempo funcionando; era a que había antes no edificio municipal “María Mariño”.

CUARTA.- ¿Coñece o alcalde que no solo industrial programado, e a partir dun alpendre, se está construíndo unha vivenda unifamiliar?

En relación con estas catro preguntas, o Sr. alcalde comunicou ao Sr. García Couso que a contestación se lle dará na vindeira sesión.

Finalmente polo Sr. García Rodríguez (do PP) formulouse o seguinte **ROGO** ao Sr. alcalde:

Dado que a Consellería de Medio Ambiente sacou este luns o plan urbe, a través do cal se poden conceder axudas para camiños, prazas públicas, fontes, considera que debería haber unha participación de todos, para aportar cales son as diferentes necesidades que existen, e non deixar pasar esta opción sería moi proveitosa para os veciños de Arzúa, para conseguir uns cartos que se poden aproveitar para o ben público.

Pregunta o Sr. alcalde ao Sr. García Rodríguez se o que está formulando é que se transmita esa convocatoria de axudas aos veciños.

Manifesta o Sr. García Rodríguez que o que pide é que non deixemos escapar esta oportunidade de conseguir uns cartos para utilizar no ben público, e que o primeiro sería presentar unha serie de proxectos, reuníndonos os distintos partidos para ver as necesidades, e que non se nos pase desapercibida esta convocatoria de axudas, e que andemos espabilados porque hai un prazo para presentar as solicitudes, xa que senón

van ir para outros concellos.

Trátase simplemente de recalcar que hai esta opción

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.25 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario que certifica.